



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2024/C004/000008. Prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024”.

José López González, secretario-interventor do Concello de Touro do que é alcalde por delegación Jesús Martínez Pereira (Decreto 267/2024 de 5 de agosto de 2024)

CERTIFICA

Que o martes día 6 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, cos quórum de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:

“15 EXPEDIENTE 2024/C004/000008. Prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024”. Aprobación expediente de contratación.

ANTECEDENTES

- EXPEDIENTE 2024/C004/000006. Prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024”, declarado deserto pola falta de presentación de licitadores.
- Memoria de Alcaldía necesidade do contrato.
- Prego Cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP).
- Informe de Secretaría.
- Informe de Intervención e informe de fiscalización fase A.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeira.- Normativa de aplicación.

Tense en conta a seguinte:

- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e demais disposición concordantes que resulten de aplicación.

Segunda.- Vista a licitación realizada EXPEDIENTE 2024/C004/000006. Prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024”, declarado deserto pola falta de presentación de licitadores e ante a necesidade de prestar o seguinte servizo e nas condicións que se reflicten a continuación onde se pasa de 30,00 € menu por persoa a 32,00 € menu por persoa, realizando a licitación en base aos asistentes do ano 2023, estimando un máximo de 600 persoas e un mínimo de 400 persoas.

Tipo de contrato: Servizos	
Obxecto do contrato: Servizo de Festa da Terceira Idade 2024.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tipo de tramitación: Ordinaria
Código CPV: 55100000-1 Servizos de hostalería 55300000-3 Servizos de restaurante e de subministro de comidas 55322000-3 Servizos de elaboración de comida	
Valor estimado do contrato: 18.000,00 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 19.200,00 €	IVE (21 %): 1.920,00 €

Orzamento base de licitación IVE incluído: 21.120,00 €
Execución do contrato: 8 de setembro de 2024.

Existe crédito axeitado e suficiente na partida 2312.22699

Terceira.- A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao alcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado non superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

O órgano competente para aprobar o expediente é a Alcaldía xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais).

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C004/000008, mediante procedemento aberto simplificado, para a prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024” o 8 de setembro de 2024 cun orzamento base de licitación de 21.120,00 euros IVE incluída.

SEGUNDO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 15 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asisten á sesión, sendo este o seu número legal de membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C004/000008, mediante procedemento aberto simplificado, para a prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024” o 8 de setembro de 2024 cun orzamento base de licitación de 21.120,00 euros IVE incluída.

SEGUNDO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 15 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).”

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde por delegación.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Visto e praxe: Jesús Martínez Pereira, alcalde por delegación (Decreto 267/2024 de 5 de agosto de 2024).